



**CONVOCATORIA DE DOUS CONTRATOS PARA REALIZAR  
TRABALLOS DE SOCIOLINGÜÍSTICA NA REAL ACADEMIA  
GALEGA**

A Real Academia Galega convoca un concurso aberto para dous contratos de persoal técnico de sociolingüística, desde o **2 de xaneiro ata 31 de decembro de 2020**, prorrogables por ata doce meses máis. As persoas contratadas colaborarán nos proxectos que está a desenvolver o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.

**Requisitos:**

**Contrato 1:**

- a) Licenciatura ou Grao en Filoloxía Galega, Filoloxía Galego-Portuguesa ou titulación equivalente.
- b) Competencia demostrable en lingua galega oral e escrita.

**Contrato 2:**

- a) Licenciatura ou Grao en Antropoloxía ou titulación equivalente.
- b) Competencia demostrable en lingua galega oral e escrita.

**Méritos específicos:**

- a) Experiencia acreditada na realización de traballos relacionados coa sociolingüística galega.
- b) Experiencia acreditada na recolla e codificación de datos sociolingüísticos en Galicia.
- c) Publicacións relacionadas coa sociolingüística.
- d) Título de mestrado nas especialidades indicadas nos requisitos ou outras afíns.
- e) Coñecementos de informática e experiencia en xestión de bases de datos, programas de codificación e análise de datos e procesadores de texto
- f) Coñecemento acreditado doutras linguas.

**Condições:**

Contrato 1: xornada completa (40 horas semanais)

Contrato 2: xornada parcial (25 horas semanais)





## REAL ACADEMIA GALEGA

### Remuneración:

Contrato 1: 1.100,00 € /mes

Contrato 2: 700,00 € /mes

### Presentación de solicitudes:

As solicitudes deberanse presentar en papel, na secretaria da Real Academia Galega en horario de 09:00 horas a 14:00 horas de luns a venres, ou mediante envío postal dirixido a:

Secretaría

Real Academia Galega


Tabernas, 11

15001 A Coruña

### Prazos:

<b>21 - 31 de outubro de 2019</b>	Presentación de solicitudes
<b>5 de novembro de 2019</b>	Publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas
<b>6 - 15 de novembro de 2019</b>	Presentación de reclamacións. Este prazo tamén será válido para corrixir a documentación presentada, se é o caso
<b>18 de novembro de 2019</b>	Publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas
<b>22 de novembro de 2019</b>	Publicación da listaxe das persoas seleccionadas e convocatoria para a entrevista persoal
<b>25 de novembro de 2019</b>	Entrevista persoal. Sede da RAG (Tabernas 11, A Coruña)
<b>27 de novembro de 2019</b>	Publicación da listaxe de persoas seleccionadas para os contratos e substitutas, por orde de prelación
<b>28 - 29 de novembro de 2019</b>	Presentación de reclamacións, que serán resoltas de xeito inapelable polo Presidente da RAG o día 2 de decembro de 2019
<b>11 de decembro de 2019</b>	Publicación da listaxe definitiva

As convocatorias, listaxes e resolucións serán publicadas no sitio web da RAG, [academia.gal/](http://academia.gal/)





## REAL ACADEMIA GALEGA

### **Composición da comisión avaliadora:**

Presidencia: Un membro numerario da RAG

Secretaría: O secretario da RAG

Vogalías: Un membro do Seminario de Sociolingüística

Un/unha técnico/a da RAG especialista en sociolingüística

Un/unha profesional en exercicio

Un/unha representante do persoal laboral da RAG, con voz e sen voto

### **Instrucións para a entrega de documentación:**

A documentación acreditativa dos requisitos e dos méritos acompañarase dunha copia do DNI ou pasaporte e dun resumo (máximo 1 folio) no que se farán constar de xeito claro e esquemático:

- a) Os datos de identidade e contacto por esta orde: nome e apelidos, DNI, data de nacemento, lugar de nacemento, número de teléfono, correo electrónico, enderezo postal
- b) Relación de título(s) académico(s)  
Relación de méritos alegados

A Coruña, 21 de outubro de 2019

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos de que os datos das persoas candidatas serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade da Real Academia Galega, con CIF Q1568003F e domicilio social sito en Rúa Tabernas 11 15001, A Coruña, coa finalidade de formar parte deste proceso de selección. En cumprimento da normativa vixente, a Real Academia Galega informa de que os datos serán

conservados durante o seguinte período: 31 de decembro de 2020.

A Real Academia Galega informa de que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que a Real Academia Galega se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como ao consentimento dado para o tratamento destes, dirixindo a súa petición ao enderezo postal indicado máis arriba ou ao correo electrónico [secretaria@academia.gal](mailto:secretaria@academia.gal).

